

DECRETO 94/1991, DO 20 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DOS FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(DOG do 25 de marzo de 1991)

A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 73, failes extensivo ós funcionarios da Administración autonómica de Galicia o réxime disciplinario previsto na normativa do Estado. Así mesmo prevé que por medio do correspondente regulamento se regulará o procedemento sancionador, no cal se terán basicamente en conta os principios de eficacia e garantía.

A disposición derradeira primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, autoriza á Xunta de Galicia para dicta-las normas de carácter regulamentario precisas para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, oída a Comisión de Persoal, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte de marzo de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo único.- Apróbase o Regulamento de réxime disciplinario da función pública da Administración autonómica de Galicia, en desenvolvemento e execución da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, do que se insire a continuación o seu texto.

REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1º

1.- O presente regulamento élle de aplicación a todo o persoal funcionario comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Os funcionarios en prácticas estarán sometidos ó disposto no presente regulamento, na medida en que lles sexa de aplicación, sen prexuízo das normas especiais que regulen o seu procedemento de selección.

2.- O réxime disciplinario establecido neste regulamento enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorre-los funcionarios, a cal se fará efectiva na forma que determine a lei.

3.- No non reservado á lexislación do Estado, aplicaráselle en este regulamento ó persoal a Administración local.

CAPÍTULO II

Faltas disciplinarias

Artigo 2º

As faltas cometidas polos funcionarios no exercicio dos seus cargos poderán ser moi graves, graves e leves.

Artigo 3º

Son faltas moi graves:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ó Estatuto de autonomía no exercicio da función pública.

b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) O abandono do servicio.

d) A adopción de acordos manifestamente ilegais que lles causen un prexuízo grave á Administración ou ós cidadáns.

e) A publicación ou utilización indebida de segredos oficiais así declarados por lei ou clasificados como tales.

f) A notoria falta de rendemento que comporte inhibición no cumprimento das tarefas encomendadas.

g) A violación da neutralidade ou independencia políticas, utilizando as facultades atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

h) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades.

i) A obstaculización do exercicio das liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

j) A realización de actos encamiñados a coarta-lo libre exercicio do dereito de folga.

k) A participación en folgas, quen o teña expresamente prohibido pola lei.

l) O incumprimento das obrigas de atende-los servicos esenciais en caso de folga.

m) Os actos limitativos da libre expresión de pensamento, ideas e opinións.

n) Ter sido sancionado pola comisión de tres faltas graves nun período de un ano.

Artigo 4º

Son faltas graves:

a) A falta de obediencia debida ós superiores e autoridades.

b) O abuso da autoridade no exercicio do cargo.

c) As conductas constitutivas de delicto doloso relacionadas co servizo ou que lles causen dano á Administración ou ós administrados.

d) A tolerancia dos superiores respecto da comisión de faltas moi graves dos seus subordinados.

e) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros ou subordinados.

f) Causar danos graves nos locais, no material ou nos documentos dos servizos.

g) Intervir nun procedemento administrativo cando se dea algunha das causas de abstención legalmente sinaladas.

h) A emisión de informes e a adopción de acordos manifestamente ilegais cando lles causen prexuízos á Administración ou ós cidadáns e non constitúan falta moi grave.

i) A falta de rendemento que afecte o normal funcionamento dos servizos e non constituía falta moi grave.

j) Non garda-lo debido sigilo respecto dos asuntos que se coñezan por razón do cargo, cando lle causen prexuízo á Administración ou se utilicen en proveito propio.

k) O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoña mantemento dalgunha situación de incompatibilidade.

l) O incumprimento inxustificado da xornada de traballo que, acumulado, supoña un mínimo de dez horas ó mes.

m) A terceira falta inxustificada de asistencia nun período de tres meses, cando as dúas anteriores fosen obxecto de sanción por falta leve.

n) A grave perturbación do servizo.

ñ) O atentado grave á dignidade dos funcionarios ou da Administración.

o) A grave falta de consideración cos administrados.

p) As accións ou omisións dirixidas a evadi-los sistemas de control horarios ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificadas de xornada de traballo.

2.- Para efectos do disposto no presente artigo, entenderase por mes o período abranguido desde o día primeiro ó último de cada un dos doce que compoñen o ano.

Artigo 5º

Son faltas leves:

a) O incumprimento inxustificado do horario de traballo cando non supoña unha falta grave.

b) A falta de asistencia inxustificada de un día.

c) A incorrección co público, superiores, compañeiros ou subordinados.

d) O descoido ou a negligencia no exercicio das súas funcións.

e) O incumprimento dos deberes e obrigas do funcionario, sempre que non deban ser cualificados como falta moi grave ou grave.

CAPÍTULO III

Persoas responsables

Artigo 6º

1.- Os funcionarios incorrerán en responsabilidade disciplinaria nos supostos e circunstancias establecidas por este regulamento.

Os funcionarios que se encontren en situación distinta da de servizo activo poderán incorrer en responsabilidade disciplinaria polas faltas previstas neste regulamento que poidan cometer dentro das súas peculiares situacións administrativas. De non ser posible o cumprimento da sanción no momento en que se dicte a resolución, por atoparse o funcionario en situación administrativa que o impida, esta faise efectiva cando o seu cambio de situación o permita, salvo que transcorrese o prazo de prescrición.

2.- Non poderá esixirse responsabilidade disciplinaria por actos posteriores á perda da condición de funcionario.

A perda da condición de funcionario non libera da responsabilidade civil ou penal contraída por faltas cometidas durante o tempo no que se mantivo aquela.

Artigo 7º

1.- Os funcionarios que induzan a outros á realización de actos ou condutas constitutivos de faltas disciplinarias incorrerán na mesma responsabilidade ca estes. De

non consumarse a falta, incorrerán en responsabilidade, de acordo cos criterios establecidos no artigo 89 da Lei de funcionarios civís do Estado, do 7 de febreiro de 1964.

2.- Igualmente incorrerán en responsabilidade os funcionarios que encubran as faltas consumadas moi graves e graves cando do dito acto se deriven graves danos para a Administración ou os cidadáns e serán sancionados de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

CAPÍTULO IV

Sancións disciplinarias

Artigo 8º

Por razón das faltas descritas neste regulamento poderanse impoñe-las seguintes sancións:

- a) Separación do servicio.
- b) Suspensión de funcións.
- c) Traslado con cambio de residencia.
- d) Deducción proporcional de retribucións.
- e) Apercibimento.

Artigo 9º

1.- A sanción de separación de servicio unicamente poderá impoñerse por faltas moi graves, logo de informe da Comisión de Persoal, ou, se é o caso, de acordo co disposto na normativa sectorial de funcionarios.

2.- As sancións dos apartados b) ou c) do artigo 8º poderán impoñerse pola comisión de faltas graves ou moi graves.

A sanción de suspensión de funcións, proposta pola comisión de falta moi grave, non poderá ser superior a seis anos nin inferior a tres. Se se impón por falta grave, non excederá de tres anos.

3.- As faltas leves soamente poderán ser corrixidas coas sancións que se sinalan nos apartados d) ou e) do artigo 8º.

Artigo 10º

1.- Se a suspensión firme non excede do período no que o funcionario permaneceu en suspensión provisional, a sanción non comportará necesariamente a perda do posto de traballo.

Os funcionarios sancionados con traslado con cambio de residencia non poderán obter novo destino por ningún procedemento na localidade desde a que foron trasladados, durante tres anos, se a sanción foi imposta por falta moi grave, e durante un, se correspondeu á comisión dunha falta grave. O dito prazo computarase desde o momento en que se efectuou o traslado.

2.- Na deducción proporcional das retribucións tomarase como base a totalidade das remuneracións íntegras mensuais que perciba o funcionario no momento da comisión da falta, dividindo esta por 30 e, á súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña obriga de cumprir, de media, cada día.

A cantidade obtida será o valor/hora que se aplicará ó tempo de traballo non cumprido polo incumprimento da xornada de traballo.

Artigo 11º

1.- Non se poderán impoñer sancións por faltas graves ou moi graves máis ca en virtude de expediente instruído para o efecto, de acordo co procedemento establecido no presente regulamento.

2.- Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a instrucción previa do expediente ó que se refire o parágrafo anterior, salvo o trámite de audiencia ó interesado, que deberá evacuarse en todo caso.

CAPÍTULO V

Extinción da responsabilidade disciplinaria

Artigo 12º

1.- A responsabilidade disciplinaria extínguese polo cumprimento da sanción, por morte, por prescrición da falta ou da sanción, por indulto e por amnistía.

2.- Se durante a substanciación do procedemento sancionador se produce a perda da condición de funcionario do inculpado, dictarase unha resolución na que, con invocación da cousa, se declarará extinguido o procedemento sancionador, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle poida ser esixida, e ordenarase o arquivo das actuacións, salvo que por parte interesada se inste á continuación do expediente. Ó mesmo tempo, deixaranse sen efecto cantas medidas de carácter provisional se adoptasen con respecto ó funcionario inculpado.

Artigo 13º

1.- As faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as graves, ó ano, e as leves, ó mes. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que se cometeu a falta.

2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescriben ós tres anos, as impostas por faltas graves, ó ano, e as impostas por faltas leves, ó mes.

3.- O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción, ou desde que se quebrantou o cumprimento da sanción, se xa comezara.

4.- A amplitude e os efectos dos indultos de sancións disciplinarias regularanse polas disposicións que os concedan.

5.- A prescrición interromperase polo comezo do procedemento; para este efecto, a resolución de incoación do expediente disciplinario deberá ser debidamente rexistrada e volverá a corre-lo prazo se o expediente permanece paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ó funcionario suxeito ó procedemento.

CAPÍTULO VI

Tramitación

Disposicións xerais

Artigo 14º

En calquera momento do procedemento en que o instructor aprecie que a presunta falta pode ser constitutiva de delicto ou falta penal, porao en coñecemento da autoridade que ordenou a incoación do expediente para a súa oportuna comunicación ó Ministerio Fiscal a través da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Isto non será obstáculo para que continúe a tramitación do expediente disciplinario ata a súa resolución e a imposición da sanción se procedese.

Non obstante, cando se trate de feitos que puidesen ser constitutivos dalgún dos delitos cometidos polos funcionarios públicos contra o exercicio dos dereitos da persoa recoñecidos polas leis e dos delitos dos funcionarios públicos no exercicio dos seus cargos, tipificados nos títulos II e VII do libro segundo do Código Penal, deberá suspenderse a tramitación do expediente disciplinario ata tanto recaia resolución xudicial.

Artigo 15º

1.- O procedemento para a sanción de faltas disciplinarias impulsarase de oficio en tódolos seus trámites.

2.- A tramitación, as comunicacións e as resolucións axustaranse en todo ó disposto no título IV, capítulo II, seccións primeira e segunda da Lei de procedemento administrativo.

CAPÍTULO VII

Iniciación

Artigo 16º

1.- O procedemento iniciárase sempre de oficio, por acordo motivado do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, moción razoada dos subordinados ou denuncia.

2.- De producirse denuncia, deberá comunicárselle o acordo ó asinante dela.

Artigo 17º

1.- O órgano competente para incoa-lo procedemento poderá acordar previamente a realización dalgunha información reservada.

2.- Serán competentes para ordena-la incoación do expediente disciplinario o secretario xeral técnico de cada consellería e os directores dos organismos autónomos e entes públicos de oficio ou, se é o caso, por proposta dos delegados provinciais e territoriais con relación ós funcionarios dependentes deles.

Artigo 18º

1.- Na resolución pola que se incoe o procedemento nomearase un instructor, que deberá ser un funcionario público pertencente a un corpo ou escala de igual ou superior grupo ó do inculpado, dos establecidos no artigo 19 da Lei 4/1988, do 26 de maio. No caso de que dependa doutra consellería, requirirase a autorización previa do secretario xeral técnico desta.

2.- Cando a complexidade ou a transcendencia dos feitos que se vaian investigar así o esixan, procederase ó nomeamento de secretario, que en todo caso deberá te-la condición de funcionario.

3.- A incoación de procedemento co nomeamento do instructor e do secretario notificaráselle ó funcionario suxeito a expediente, así como ós designados para exercer os ditos cargos.

Artigo 19º

1.- Seranlles de aplicación ó instructor e mais ó secretario as normas relativas á abstención e recusación establecidas nos artigos 20 e 21 da Lei de procedemento administrativo.

2.- O dereito de recusación poderá exercitarse desde o momento en que o interesado teña coñecemento de quen son o instructor e mailo secretario.

3.- A abstención e a recusación promoveranse, perante a autoridade que acordou a nomeamento, que deberá resolver no termo de tres días.

Artigo 20º

1.- Iniciado o procedemento, a autoridade que acordou a incoación do expediente poderá adopta-las medidas provisionais que considere oportunas para asegura-la eficacia da resolución que puidese recaer.

2.- A suspensión provisional poderá ser acordada preventivamente polo conselleiro correspondente, logo de informe da Comisión de Persoal e por proposta da autoridade que acordou a incoación do expediente, durante a tramitación do procedemento disciplinario, nos termos e cos efectos sinalados nos artigos 47, 48 e 49.2 e 3 da Lei de funcionarios civís do Estado.

Así mesmo, poderá acordarse a suspensión provisional dos funcionarios sometidos a procesamento nos termos establecidos no artigo 15 do presente regulamento.

3.- Non se poderán dictar medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables ou impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

CAPÍTULO VIII

Desenvolvemento

Artigo 21º

1.- O instructor ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos e en particular de cantas probas poidan conducir ó seu esclarecemento e á determinación das responsabilidades susceptibles de sanción.

2.- O instructor, como primeiras actuacións, procederá a recibir declaracións do presunto inculpado e a evacuar cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que motivou a incoación do expediente e do que aquel alegou na súa declaración

Tódolos organismos e dependencias da Administración están obrigados a facilitarlle ó instructor os antecedentes e informes necesarios, así como os medios persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas actuacións.

Artigo 22º

Á vista das actuacións practicadas e nun prazo non superior a un mes, contado a partir da incoación do procedemento, o instructor formulará o correspondente prego de cargos ou proposta do sobresemento. No primeiro caso, o dito prego incluírá os feitos imputados, con expresión, se é o caso, da falta presuntamente cometida e das sancións que poidan ser de aplicación, de acordo co previsto no artigo 8 do presente regulamento. O instructor poderá, por causas xustificadas, solicita-la ampliación do prazo referido no parágrafo anterior.

2.- O prego de cargos deberá redactarse de modo claro e preciso en parágrafos separados e numerados por cada un dos feitos imputados ó funcionario.

O instructor deberá propoñer, no momento de elabora-lo prego de cargos, á vista do resultado das actuacións practicadas, o mantemento ou o levantamento da medida de suspensión provisional que, se é o caso, se adoptase.

Artigo 23º

O prego de cargos notificaráselle ó inculpado e concederáselle un prazo de 10 días para que poida contestalo coas alegacións que considere convenientes para a súa defensa e coa de cantos documentos considere de interese. Neste trámite deberá solicitar, se o considera conveniente, a práctica das probas que para a súa defensa crea necesarias.

Artigo 24º

1.- Contestado o prego ou transcorrido o prazo sen facelo, o instructor poderá acorda-la práctica das probas solicitadas que xulgue oportunas, así como a de todas aquelas que considere pertinentes. Para a práctica das probas disporase do prazo de un mes.

2.- O instructor poderá denega-la admisión e a práctica das probas para investigar cuestións que considere innecesarias, debendo motiva-la denegación, sen que contra esta resolución caiba recurso do inculpado.

3.- Os feitos relevantes para a decisión do procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

Artigo 25º

Para a práctica das probas propostas, así como para as de oficio cando se vexa oportuno, notificaráselle ó funcionario o lugar, a data e a hora en que deberán realizarse, debendo incorporarse ó expediente a constancia da recepción da notificación.

Artigo 26º

1.- A intervención do instructor en todas e cada unha das probas practicadas é esencial e non pode ser suplida pola do secretario, sen prexuízo de que o instructor poida promover-la práctica doutras dilixencias de calquera órgano da Administración.

2.- Cumpridas as dilixencias previstas no presente título daráselle vista do expediente ó inculpado con carácter inmediato para que no prazo de dez días alegue o que vexa pertinente para a súa defensa e achegue cantos documentos considere de interese. Facilitaráselle unha copia completa do expediente ó inculpado cando este así o solicite.

Artigo 27º

1.- O instructor formulará dentro dos dez días seguintes a proposta de resolución, na que fixará con precisión os feitos probados, motivando, se é o caso, a denegación das probas propostas polo inculpado, e fará a valoración xurídica dos feitos, determinando, se procede, a falta cometida, a responsabilidade do funcionario e a sanción que xulgue procedente impoñer.

2.- A proposta de resolución notificaráselle ó interesado para que, no prazo de dez días, poida alegar ante o instructor canto considere pertinente para a súa defensa.

3.- Oído o inculpado ou transcorrido o prazo sen que haxa ningunha alegación, remitiráselle con carácter inmediato o expediente completo ó órgano que acordou a incoación do procedemento, o cal llo remitirá ó órgano competente para que proceda a

dicta-la resolución que corresponda ou, se é o caso, lle ordenará ó instructor a práctica das dilixencias que considere necesarias.

CAPÍTULO IX

Terminación

Artigo 28º

1.- A resolución que poña fin ó procedemento disciplinario deberá adoptarse no prazo de dez días, salvo no caso de separación do servicio, e resolverá tódalas cuestións xurdidas no expediente.

2.- A resolución terá que ser motivada e nela non se poderán aceptar feitos distintos daqueles que serviron de base para o prego de cargos e para a proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica.

Artigo 29º

O órgano competente para impoñe-la sanción poderá devolverlle o expediente ó instructor para a práctica das dilixencias que resulten imprescindibles para a resolución. En tal caso, antes de remitirle de novo o expediente ó órgano competente para impoñe-la sanción daráselle vista do actuado ó funcionario inculpado co fin de que no prazo de dez días alegue canto considere conveniente.

Artigo 30º

Serán órganos competentes para a imposición das sancións disciplinarias:

1.- O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro competente en materia de función pública, para impoñe-la separación do servicio, salvo o disposto na normativa sectorial de funcionarios.

2.- Os titulares da consellería na que estea destinado o funcionario, ou os secretarios xerais técnicos por delegación daqueles, para impoñe-las sancións por faltas graves e moi graves.

Se a sanción se impón pola comisión de faltas en materia de incompatibilidades en relación coas actividades desenvolvidas en diferentes consellerías, a facultade corresponderalle ó conselleiro competente en materia de función pública.

3.- Os directores xerais e os delegados provinciais, respecto do persoal dependente da súa dirección xeral ou delegación provincial, para a imposición de sancións por faltas leves.

Artigo 31º

1.- Na resolución que poña fin ó procedemento disciplinario deberá determinarse con toda precisión a falta que se considere cometida, sinalando os preceptos en que apareza

recollida a clase de falta, o funcionario responsable e a sanción que se impón, facendo expresa declaración de acordo coas medidas provisionais adoptadas durante a tramitación do procedemento.

2.- Se a resolución considerase a inexistencia de falta disciplinaria ou a de responsabilidade para o funcionario inculpado fará as declaracións pertinentes de acordo coas medidas provisionais.

3.- A resolución deberalle ser notificada ó inculpado, con expresión do recurso ou recursos que caiban contra el, o órgano ante o que deben presentarse e os prazos para interpoñelos.

Se o procedemento se iniciou como consecuencia de denuncia, a resolución deberalle ser notificada ó asinante dela.

Artigo 32º

As sancións disciplinarias executaranse segundo os termos da resolución en que se impoña, e no prazo máximo de un mes, salvo que, por causas xustificadas, se estableza outro distinto na dita resolución.

Artigo 33º

O conselleiro competente en materia de función pública poderá acorda-la inexecución da sanción e o órgano competente para resolver poderá acorda-la súa suspensión temporal por tempo inferior ó da súa prescrición.

Se a sanción é de separación do servicio, o acordo da súa inexecución ou suspensión corresponderalle ó Consello da Xunta.

Ámbolos dous acordos poderán adoptarse de oficio ou por instancia do interesado, sempre que medie causa fundada. En ámbolos dous casos deberá ser oída a Comisión de Persoal.

Artigo 34º

As sancións disciplinarias que se lles impoñan ós funcionarios anotarase no rexistro de persoal, con indicación das faltas que os motivaron.

A cancelación destas anotacións producirase de oficio ou por instancia do interesado na forma prevista no número 2 do artigo 93 da Lei de funcionarios, do 7 de febreiro de 1964. En ningún caso se computarán, para efectos de reincidencia, as sancións canceladas ou que o puidesen ser.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.

Cando se lle incoe un expediente disciplinario a un funcionario que teña a condición de delegado sindical, delegado de persoal ou cargo electivo a nivel provincial, autonómico ou estatal nas organizacións sindicais máis representativas, deberá notificárselle a dita incoación á correspondente sección sindical, xunta de persoal ou central sindical, segundo proceda, co fin de que poidan ser oídas durante a tramitación do procedemento.

A dita notificación deberá así mesmo, realizarse cando a incoación do expediente se practique dentro do ano seguinte ó de cesamento do inculpado nalgunha das condicións enumeradas no parágrafo anterior. Tamén deberá efectuarse se o inculpado é candidato, durante o período electoral.

Segunda.

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuarta da Lei 30/1984, este regulamento é de aplicación ó persoal contratado administrativo, ó persoal interino e ó persoal eventual.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os expedientes disciplinarios que se atopen en tramitación no momento da publicación deste regulamento seguirán regulados polas disposicións anteriores, agás que as deste lle sexan máis favorables, e concedéndolle, en todo caso, audiencia ó interesado.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas as disposicións con igual categoría ou inferior se opoñan ó presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.

Facúltase ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública para a adopción das disposicións oportunas, para o desenvolvemento do preceptuado no presente decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública